



Dirección Xeral de Formación Profesional
Rede de Conservatorios Profesionais de Música e Danza de Galicia

Modelo MD85PRO01

Programación

Centro: CMUS PROFESIONAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Materia: Itinerario Fundamentos de Pedagogía

Curso: 2025 - 2026





Índice

1	Introdución.....	3
2	Metodoloxía.....	3
3	Atención á diversidade.....	4
4	Temas transversais.....	4
4.1	Educación en valores.....	5
4.2	Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's).....	6
5	Actividades culturais e de promoción das ensinanzas.....	7
6	Secuenciación do curso.....	7
6.1	Curso: 6º de Grao Profesional.....	7
6.1.1	Obxectivos.....	7
6.1.2	Contidos.....	8
6.1.3	Avaliación.....	8
	Procedementos e ferramentas de avaliación.....	10
6.1.2	Medidas de recuperación.....	11
6.1.3	Recursos didácticos.....	13
7	Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica.....	14
8	Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento.....	14
9	ANEXOS.....	15
9.1	Criterios para a obtención dos premios fin de grao.....	15



1 Introducción

A materia de Fundamentos da Pedagogía forma parte dun dos itinerarios posibles para continuar os estudos de Grao superior, tanto na opción de Pedagogía do instrumento coma de Pedagogía da Linguaxe e da educación musical.

Este itinerario posibilita ó alumnado o acceso ao coñecemento dos principios que rexen o ensino musical e a súa forma de transmisión.

A aprendizaxe, baseada na práctica sistemática, pretende posibilitar uns criterios de actuación concretos, partindo do coñecemento e da comprensión dos recursos das principais metodoloxías no eido da educación musical.

Esta materia impartirase no sexto curso de Grao Profesional cunha duración dunha hora semanal.

Marco legal

A normativa e os documentos legais que regulan as ensinanzas de música en Galicia e que se tiveron en conta para a elaboración desta programación didáctica pódense consultar na web da Consellería de Educación edu.xunta.gal. Enlace: [Normativa das ensinanzas de música](#)

2 Metodoloxía

Con carácter xeral primaranse metodoloxías como a resolución de problemas por parte do alumnado ou o descubrimento guiado, nos que se busca unha maior implicación do mesmo no proceso de enseñanza-aprendizaxe. Os estilos máis directivos, coma a asignación de tarefas, tamén serán utilizados en función da área tratada, a natureza dos contidos, a dificultade dos mesmos e o grao de consecución dos obxectivos relacionados.

Dende o principio a materia de pedagogía deberá atender a tres vertentes: o ensino instrumental, o ensino da linguaxe musical e o ensino musical en ámbitos diferentes ao conservatorio, xa que esta materia debe preparar ao alumnado para afrontar os estudos superiores de pedagogía dos instrumentos, de didáctica da linguaxe e da educación musical. Tentarase que os alumnos se impliquen activamente na materia e poidan levar á práctica o explicado en clase.

As actividades que se desenvolvan farán fincapé no traballado nas clases. Potenciarase a elaboración de recursos e materiais didácticos polos propios alumnos e o desenvolvemento do espírito crítico, tan necesario á hora de seleccionar materiais e escoller métodos de ensino.



A dinámica do grupo será variada realizándose actividades individuais, en pequeno grupo e en gran grupo, favorecendo na aula un ambiente de intercambio, colaboración e interacción como motor de aprendizaxe, variando espazos e materiais.

A aprendizaxe propiciará situacións que sexan motivadoras para o alumnado ou que favorezan a potenciación da motivación que se sente, de xeito natural, ante o fenómeno musical. É fundamental crear contextos de aprendizaxe que lles obriguen a ter presentes os contidos xa coñecidos e garantir a construción das novas aprendizaxes a través dos coñecementos adquiridos previamente.

As sesións distribuiranse de forma que os conceptos teóricos teñan aplicación en casos prácticos.

3 Atención á diversidade

O profesorado velará por un espazo inclusivo atendendo ás diferentes casuísticas do alumnado en cuestións como o ritmo de aprendizaxe, os intereses, os coñecementos previos, a avaliación inicial. Para procurar a interiorización dos contidos se realizarán actividades de reforzo, ampliación e motivación. A programación é un documento aberto a modificacións metodolóxicas para garantir a atención individualizada de todo o alumnado a pesar da natureza colectiva de esta materia.

Este centro acolle alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. O alumnado ACNEAE ten necesidades educativas especiais (NEE), condicións persoais, altas capacidades, dificultades específicas de aprendizaxe, incorporación tardía (procedente do estranxeiro, debido a multiculturalidade de este centro).

O profesorado deberá remitirse ás medidas que se levarán a cabo detalladas no Plan de atención á diversidade do centro, dispoñible na páxina súa páxina web.

Enlace: conservatoriosantiago.gal/o-centro/documentos

4 Temas transversais

Os contidos transversais son esencialmente actitudinais, responden a problemas e realidades directamente relacionados coa vida cotiá de actualidade no ámbito social e que pola súa transcendencia demandan un tratamento educativo. Tomando como referencia o Decreto que establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia establécense os seguintes elementos transversais:

A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o desprendemento e a educación cívica e constitucional traballaranse ó longo do curso a través das actividades prácticas



relacionadas coa exposición de traballos sobre metodoloxías pedagóxicas, a elaboración de unidades didácticas ou a impartición dunha clase adecuada a un nivel concreto das ensinanzas elementais.

Fomentarase o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

Promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade, e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.

Fomentarase a participación do alumnado en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

4.1 Educación en valores

A educación musical optimiza o desenvolvemento integral do alumando fortalecendo aspectos como rexeitar calquera tipo de discriminación de sexo, raza, clase social ideoloxía e categoría profesional, sendo estes competencia da **Educación para a Paz**, Igualdade e prevención da violencia de xénero. Este concepto materialízase na aula a través do traballo de músicas do mundo ou coa planificación de concertos de carácter solidario.

O estudo das Ensinanzas Artísticas está estritamente relacionado coa cenestesia, polo que aspectos como a corrección postural, a respiración consciente no canto ou na interpretación instrumental son aspectos que se relacionan coa **Educación para a saúde**.

A **Educación ambiental** se manifesta tomando conciencia da contaminación acústica e do respecto polo medio ambiente e o consumo, promovendo un uso responsable do material que se precisa nesta materia.

A música é o acervo cultural de todos os pobos polo que é necesario conservar este **patrimonio** facendo fincapé no folclore máis próximo valorando aspectos inicialmente descoñecidos.

4.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)

A aplicación da tecnoloxía da información e comunicación (TIC) e as Novas Tecnoloxías levounos a unha nova revolución, permitindo un crecemento enorme, evolución e perfeccionamento do proceso creativo musical.

Este área de coñecemento permite a utilización de ferramentas dixitais que complementan a instrución docente. O uso das TIC na aula favorece o pensamento crítico e permite levar a cabo actividades motivadoras para o alumnado, que deberá coñecer recursos básicos dispoñibles na web útiles para empregar como actividades de reforzo, ampliación ou motivación nunha clase de instrumento ou de linguaxe musical.

Non obstante, faise necesario regularlas e, seguindo a normativa do noso centro, establecemos o seguinte regulamento:

Non se permite o uso de teléfonos móbiles, así coma calquera outro dispositivo electrónico equiparable, dentro das aulas, agás nos casos en que o profesor ou profesora o autorice e sexa con fins didácticos.

Non se permite o uso na aula ou fora dela de ningún programa ou aplicación informática que recopile ou faga uso de calquera dato do alumnado (datos persoais, datos de avaliación e seguimento) agás CENTROSNET, e a súas aplicacións para dispositivos móbiles, ou calquera outro establecido e/ou autorizado pola consellería.

Poderanse utilizar outros programas ou aplicacións informáticas que non recopile nin faga uso de calquera dato do alumnado (metrónomo, afinador, etc.).

Para o uso de calquera outro programa ou aplicación informática do que non se faga mención na programación didáctica correspondente ou recopile ou faga uso de algún dato de carácter persoal ou referente ao seguimento ou avaliación do alumnado, deberase pedir autorización expresa a cada alumnado ou alumna, ou aos seus titores legais, de ser o caso.

No caso de que o profesorado ou o alumnado precisen facer uso do móbil ou de calquera outro dispositivo electrónico semellante nas aulas por algún motivo de forza maior e xustificable, deberá pedirse autorización á Dirección do Centro.



5 Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

Estas actividades estarán organizadas ou coordinadas polo centro, ou colaborando con outras entidades alleas, e estarán relacionadas con aspectos propios das ensinanzas de música: Cursos especializados, asistencia a concertos ou ensaios de agrupacións de música, concertos fóra do centro, etc.. Os alumnos e alumnas e os seus responsables legais estarán informados con anterioridade de tódolos datos pertinentes. Nestas actividades, organizadas para incentivar aos alumnos e alumnas e mellorar a súa educación, se resaltarán, ademais valores de respecto e convivencia, entre outros.

Fomentarase a asistencia aos concertos didácticos e audicións programados habitualmente no centro fóra do seu horario lectivo.

En calquera caso, as actividades complementarias e extraescolares que organice o Centro ou nas que participe activamente, relacionadas ou non con esta materia, serán definidas ao comezo de cada curso dentro do Programa de Actividades Culturais e de Promoción das Ensinanzas.

6 Secuenciación do curso

6.1 Curso: 6º de Grao Profesional

6.1.1 Obxectivos

- Coñecer as principais metodoloxías no eido da educación musical e os seus recursos pedagóxicos.
- Comprender as fases do desenvolvemento evolutivo.
- Coñecer e comprender os principios da psicopedagogía xeral e a súa aplicación na ensinanza musical.
- Coñecer os principios da ensinanza musical nos niveis educativos.
- Recoñecer os elementos do proceso didáctico en xeral, e do modelo proposto pola LOE en particular.
- Diseñar, desenvolver e avaliar unidades didácticas dentro do arco das programacións de aula.
- Valorar as materias e os recursos didácticos propios do ensino da música en Galicia.
- Ter un dominio básico de ferramentas dixitais para elaborar recursos para o alumnado.



6.1.2 Contidos

Primeiro trimestre

- Principios da educación musical. Conceptos de educación e didáctica (*).
- Historia da educación musical.
- O desenvolvemento evolutivo
- As escolas pedagóxicas principais na música e os seus recursos didácticos aplicados no ensino da música: Kodaly, Dalcroze, Willems, Orff, Wuytack, Ward, Tonic Sol-Fa, Martenot, Chevais, etc. (*)
- A didáctica da educación musical.

Segundo trimestre

- Métodos e sistemas actuais da pedagogía musical
- O currículo: do proxecto educativo ás programacións de aula.(*)
- Compoñentes do deseño curricular: obxectivos, contidos, metodoloxía, actividades, interacción na aula, aspectos organizativos e avaliación.(*)
- Programación didáctica e avaliación. O profesorado como planificador.(*)
- Orientacións metodolóxicas para o desenvolvemento da actividade na aula atendendo á especialidade ou familia instrumental.
- Técnicas de motivación e estudo

Terceiro trimestre

- As programacións de aula e as unidades didácticas.
- Recursos didácticos e materiais para o ensino da música: instrumentos, libros de texto e outros. (*)
- As tecnoloxías aplicadas á didáctica musical.
- O ensino da música noutros niveis educativos.
- Apreciación do patrimonio musical e cultural galego como recurso pedagóxico.

6.1.3 Avaliación

A avaliación terá carácter eminentemente formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e elaborar estratexias que regulen o aprendizaxe.

Na avaliación preténdese coñecer e valorar se o alumnado acadou as capacidades sinaladas nos obxectivos. Salientamos a importancia de coñecer a evolución na adquisición de coñecementos e no desenvolvemento das capacidades.

A reflexión non só partirá de se acadaron os obxectivos propostos, senón tamén do que



non se acadou e doutros que se acadarán.

Criterios de avaliación

- Amosar o coñecemento dos principios pedagóxicos do ensino musical. CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE
- Amosar o coñecemento dos métodos e dos sistemas actuais da pedagogía musical, así como as súas aplicacións máis frecuentes..CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE
- Expor temas de pedagogía e didáctica, facendo uso de recursos didácticos e materiais de novas tecnoloxías que axuden a desenvolver os contidos de cada tema.
- Analizar e interpretar obras axeitadas de diversas épocas e estilos co seu instrumento principal, facendo referencia ás orientacións metodolóxicas propias dese instrumento.
- Amosar o coñecemento dos conceptos do currículo, dos elementos básicos e da súa concreción curricular. CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE
- Presentar e expoñer unha unidade didáctica para un determinado nivel. CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE
- Impartir unha clase con referencia a un tema musical delimitado para un determinado nivel no ensino musical. CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE
- Crear exercicios e composicións propias que permitan adquirir, interiorizar e afondar en contidos específicos das unidades didácticas CRITERIO MÍNIMO ESIXIBLE

Mínimos esixibles

Os contidos mínimos esixibles aparecen marcados no apartado 6.2 cun (*).

Para acadar unha cualificación positiva na materia é necesario:

- a) Superar os criterios de avaliación indicados coma mínimos esixibles no apartado anterior.
- b) Obter unha puntuación igual ou superior a 5 puntos sobre 10 na aplicación de todos os criterios de avaliación do curso

Avaliación inicial

Nas primeiras sesións de clase realizarase unha avaliación inicial, na que se analizará o grao de consecución dos obxectivos do curso anterior, especialmente no referente a esta materia, e que permita identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa, de ser o caso.



Procedementos e ferramentas de avaliación

Con carácter xeral a avaliación do alumnado será unha avaliación continua, polo tanto, en cada unha das sesións de clase farase un seguimento do grao de consecución dos obxectivos e dos contidos abordados.

O profesorado valerase dos seguintes procedementos para a avaliación do alumnado:

- Observación directa e seguimento con recollida precisa de datos nun **caderno de seguimento do alumnado** que impidan o esquecemento e a confusión- do traballo de cada alumno e alumna, a súa evolución, a súa actitude ante a materia, os seus avances respecto a posición anterior e os erros ou estancamentos que puideran aparecer.
- As **probos trimestrais** serán en forma de traballos prácticos do seguinte tipo:
 - Lectura e reflexión dos documentos de traballo.
 - Exposición e desenvolvemento dunha práctica didáctica a partir da elección de recursos e estratexias propias dunha metodoloxía concreta.
 - Reflexións conxuntas coas achegas tanto nas sesións presenciais.
 - Elaboración dos aspectos básicos da programación dun curso do instrumento principal do alumno: obxectivos, contidos, metodoloxía, avaliación.
 - Elaboración e exposición dunha unidade didáctica e posta en práctica da mesma.
 - Creación de materiais didácticos e avaliación destes

As ferramentas de avaliación serán as seguintes:

- **Dada a importancia que a observación directa e do seguimento continuo do alumnado dentro dos procedementos de avaliación, o profesor/a levará conta destes aspectos nun caderno de seguimento do alumnado co fin de dar trazabilidade, transparencia e accesibilidade en todo momento á avaliación do alumnado.**
- **Así mesmo, a aplicación dos criterios de cualificación en cada unha das avaliacións do alumnado realizarase mediante o uso das rúbricas correspondentes.**



Criterios de cualificación

A cualificación de cada avaliación será a media ponderada segundo o seguinte:

- INTERESE E ACTITUDE FRONTE A MATERIA: participación activa nas clases, grao de esforzo para alcanzar os obxectivos e entrega en prazo dos traballos propostos. 25% da cualificación.
- TRABALLOS DE INVESTIGACIÓN: principais escolas e pedagogos musicais, didáctica na actualidade, deseño curricular, avaliación formativa... 35% da cualificación.
- EXPOSICIÓNS ORAIS: presentación dunha unha unidade didáctica, presentación de materiais didácticos de creación propia, impartición dunha clase... 40%

A **cualificación final** da materia será a media das tres cualificacións parciais (trimestrais) do curso.

Considerarase que a materia está superada cando a cualificación final da mesma sexa igual ou superior a 5 puntos sobre 10. A cualificación redondearase:

-con decimais superiores a 5, redondearase ao n.º superior.

-con decimais iguais ou inferiores a 5, redondearase ao n.º inferior.

6.1.2 Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

Para o alumnado que non supere algunha das avaliacións parciais do presente curso realizarase un plan de traballo específico establecendo as actividades de reforzo e de avaliación que se consideren necesarias en relación cos aspectos que precisen de mellora.

No momento no que o alumno ou alumna presente as tarefas programadas e domine os contidos das avaliacións parciais que tivera pendentes estas consideraranse superadas, e así se fará constar no caderno de seguimento do alumnado.

Procedementos de avaliación nos casos en que a avaliación continua non é posible

O procedemento xeral de avaliación é o da avaliación continua pero, cando non se teñan os datos necesarios para avaliar ao alumnado de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas convocarase a este para unha proba na semana de exames previa a todas as sesións de avaliación. Neste caso o alumno ou alumna será convocado para dita proba con polo menos unha semana de antelación.



Será o criterio do profesor ou profesora o que determine se un alumno ou alumna non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación continua pero, en todo caso o número de ausencias do alumno ou alumna deberá ser superior ao 50% das sesións de clase do trimestre.

Criterios de cualificación da proba:

PARTE A) Proba obxectiva cos contidos do curso: principais escolas e pedagogos musicais, didáctica na actualidade, deseño curricular, avaliación formativa. Puntuarase do 1 ó 10. 30% da cualificación.

PARTE B) Presentación dos traballos de investigación sobre os temas propostos: principais escolas e pedagogos musicais, didáctica na actualidade, deseño curricular, avaliación formativa Puntuarase do 1 ó 10. 30% da cualificación

PARTE C) Exposición oral na que se amose a asimilación dos contidos didácticos do curso: presentación dunha unidade didáctica de Linguaxe Musical para un curso do grao elemental, impartición dunha clase de Linguaxe Musical presentada. Puntuarase do 1 ó 10. 40% da cualificación

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) na sesión de avaliación correspondente.

Proba extraordinaria de avaliación (para materias con cualificación negativa)

Aquel alumnado que non superara a materia na convocatoria ordinaria do curso disporá dunha proba extraordinaria para a recuperación da mesma (no mes de xuño). Nela deberán demostrar o dominio sobre os contidos do curso correspondente para poder aprobar a materia.

Criterios de cualificación da proba:

PARTE A) Proba obxectiva cos contidos do curso: principais escolas e pedagogos musicais, didáctica na actualidade, deseño curricular, avaliación formativa. Puntuarase do 1 ó 10. 40% da cualificación.

PARTE B) Presentación dunha unidade didáctica de Linguaxe Musical para un curso do grao elemental, na que se inclúan como mínimo 10 actividades de creación propia e a lo menos nunha empregue as Tics. Puntuarase do 1 ó 10. 30% da cualificación

PARTE C) Exposición dunha clase baseada na unidade didáctica de Linguaxe Musical

presentada na que empregue as TIC's. Puntuarase do 1 ó 10. 30% da cualificación

A cualificación final desta proba valorarase do 1 ao 10, resultado da media aritmética ponderada dos exercicios considerándose positiva a partir de 5.

Posto que os resultados da avaliación final se expresan mediante a escala numérica de 1 a 10 sen decimais, a cualificación redondearase:

-con decimais superiores a 5, redondearase ao n.º superior.

6.1.3 Recursos didácticos

- Recursos bibliográficos
- Recursos na rede: blogues de contidos musicais nos que atopar explicacións, exercicios, xogos educativos, vídeos e actividades diversas. Portais de elaboración de actividades educativas.

Bibliografía

- Araval, Grupo (1995). Temas de lenguaje musical, vol.2, Principios pedagógicos, Editorial Piles.
- Coll, C. (1991) Psicología y currículum. Barcelona: Paidós
- Díaz, Maravillas y Giráldez, Andrea (2010). Aportaciones teóricas y metodológicas a la educación musical. Editorial Graó
- Hemsy de Gainza, Violeta (1977). Fundamentos, materiales y técnicas de la educación musical, Editorial Ricordi
- Hemsy de Gainza, Violeta (2007). La iniciación musical del niño, Ricordi.
- Karpinsky, Gary S. (2000). Aural skills acquisition. The development of listening, reading, and performing skills in college-level musicians. Oxford University Press.
- López de Arenosa, Encarnación (2004). Apuntes sobre didáctica musical, Enclave creativa ediciones.
- Martenot, Maurice (1993). Principios fundamentales de formación musical y su aplicación, Editorial Rialp.



- Piaget, Jean (1980). Psicología del niño, Ediciones Morata.
- Renzulli, Joseph y Reis, Sally (2016). Enriqueciendo el currículo para todo el alumnado. Ápeiron Ediciones.
- Schafer, R. Murray (1965). El compositor en el aula, Editorial Ricordi.
- Willems, Edgar (2001). El oído musical. La preparación auditiva del niño, Editorial Paidós.
- Willems, Edgar (1984). Las bases psicológicas de la educación musical, Ediciones Eudeba.
- Wuytack, Jos (1990). Cantar y descansar. Canciones con gestos, Real Musical.

7 Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica

A aplicación da programación didáctica será supervisada de maneira constante por parte do profesorado da especialidade, rexistrando o seu grao de cumprimento e eficacia, e as posibles incidencias ou desviacións na planificación da mesma.

Nas reunións do departamento didáctico de Linguaxe Musical deixarase constancia deste seguimento así coma de calquera outra incidencia a ter en conta para a súa avaliación, revisión e mellora.

8 Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento

Sen prexuízo de calquera outra medida que se estableza para a avaliación e mellora continua do sistema educativo e das ensinanzas musicais por parte da administración educativa competente, cada departamento didáctico realizará ao remate do período lectivo unha memoria final do curso. Nesta memoria farase constar o seguimento realizado sobre cada unha das materias, un análise do grao de consecución, resultados obtidos e demais incidencias salientables, e indicaranse as posibles modificacións e propostas de mellora de cara a vindeiros cursos con respecto a esta programación didáctica, así coma sobre o funcionamento e actividades do departamento didáctico.



9 ANEXOS

9.1 Criterios para a obtención dos premios fin de grao

Segundo a Orde do 10 de marzo de 2009, polo que se regula o procedemento para a obtención de matrícula de honor e premio de fin de grao para as ensinanzas de música e danza, o premio fin de grao concederase ao alumnado que cumpra os dous seguintes requisitos:

- Rematar os estudos profesionais de música cunha cualificación media de 8, polo menos, no último curso.
- Superar a proba anual correspondente ao final do curso, que deberá ser de carácter práctico e será valorada por un tribunal constituído para tal fin.

Os criterios valorativos para a obtención do premio fin de grao establecidos pola Comisión de Coordinación Pedagóxica do centro son comúns para todas as especialidades e pódense consultar no centro ou na súa páxina web.